



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Fisterra

Antecedentes

1. O 20.04.2021 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Fisterra (en adiante plan de xestión).

2. O 06.06.2024 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo uso da lista aberta e se outorgou unha cota á única embarcación que formaba parte dela; a embarcación NATI (CFPO 56392).

3. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/9-1), estableceuse un número máximo de 9 embarcacións con 23 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade na entidade para o trienio 2025-2027, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 7 embarcacións e 15 habilitacións.

4. A embarcación CHULI (CFPO 56804) solicitou a súa inclusión a lista con data 14.06.2024.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.





3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Fisterra e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

6. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Fisterra e publicar a puntuación provisional das embarcacións no Anexo I desta resolución.

2. Contra a puntuación provisional as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.





A presente resolución publicarás na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Aguiño.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Aguiño consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da confraría de pescadores de Fisterra

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
NATI	CO-5-2021	0,00	0,40	3,00	3,40
CHULI	VI-1-1997	0,00	0,00	3,00	3,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

